



## Fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar [2024/2025]

**Referencia:** Orde do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 [DOG do 20 de maio].

**Prazo. Do 21 de maio ao 21 de xuño de 2024.**

**Presentación.** Hai tres maneiras de presentar a solicitude:

- De xeito manual e presencial.
- Con creación de solicitude na aplicación **Fondolibros** e presentación presencial.
- Con creación de solicitude na aplicación e presentación electrónica.

**Documentación necesaria.** As persoas interesadas deberán achegar os **Anexos I e II da solicitude**, que poden descargar desde a nosa web ou desde Fondolibros. Tamén poden solicitar unha copia en papel nas oficinas do centro. Os devanditos anexos entregaranse xunto coa documentación que corresponda:

- **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figuren o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar, ademais, a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- **Certificado de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
- **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.
- **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titoras carezan de DNI e NIE.

**Renda per cápita da unidade familiar.** É a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 dividida entre o número de membros computables. Observacións de interese:

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2022, sumaranse a base imponible xeral



(recadro **435**) e a base imponible do aforro (recadro **460**); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria no certificado de imputacións de renda.

### **Membros computables da unidade familiar.** Observacións:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor (sempre que formase parte da unidade familiar) nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.

Silleda, 22 de maio de 2024.

Xesús Fernández Sulleiro. Director.



***Este documento ten carácter informativo e orientativo e non ten valor xurídico. A información legal e vinculante sobre a participación en Fondolibros e as axudas para libros e material escolar é a que figura na Orde de convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia.***